



ENQUISAS PROPIAS

Programas de mobilidade internacional 2019-2020

ERASMUS **Outgoing**

FICHA DA ENQUISA

Responsable:	Rosa Marta Gómez Pato
Cargo responsable:	RAM
Grupos de interese	Os estudantes outgoing e incoming
Metodoloxía	Cuestionario online a través de Microsoft Forms
Motivación:	Coñecer as fortalezas e as debilidades dos programas de intercambios para melloralos
Calendario de elaboración:	Anual
Contido:	Anexo

Este cuestionario está dirixido a estudantes que participaron nun programa de mobilidade internacional e realizaron unha estadía formativa fóra da USC no curso 2019-2020


Identificación da institución de acollida

1. Universidade de destino


	Universidade	País		
1	Freie Universität Berlin	Alemania	5	
1	LMU München	Alemania		
1	University Duisburg-Essen	Alemania		
1	Universität Leipzig	Alemania		
1	Universität Rostock	Alemania		
1	Université de Namur	Bélxica	1	
1	Le Mans Université	Francia	2	
1	Université de Nîmes	Francia		
1	National University of Ireland Maynooth	Irlanda	2	
1	University College Cork	Irlanda		
1	Università Ca'Foscari di Venezia	Italia	3	
1	Università degli studi di Milano	Italia		
1	Università degli studi di Parma	Italia		
1	University of Lodz	Polonia	1	
2	Aberdeen University	Reino Unido (Escocia)	12	
2	Bangor University	Reino Unido (Gales)		
1	University of Birmingham	Reino Unido (Inglaterra)		
1	University of Leicester	Reino Unido (Inglaterra)		
3	University of Manchester	Reino Unido (Inglaterra)		
1	University of Sheffield	Reino Unido (Inglaterra)		
2	University of Wolverhampton	Reino Unido (Inglaterra)		
2	University of Ostrava	República Checa		2

28

28




2. País de destino



3. Grao (e mención se procede no caso de Linguas e Literaturas Modernas)


1	Grao en Filoloxía Clásica	3%
4	Grao en Lingua e Literatura Españolas	14%
14	Grao en Lingua e Literatura Inglesas	50%
3	Grao en Linguas e Literaturas Modernas: Mención en Lingua e Literatura alemás	11%
3	Grao en Linguas e Literaturas Modernas: Mención en Lingua e Literatura francesas	11%
3	Grao en Linguas e Literaturas Modernas: Mención en Lingua e Literatura italianas	11%

28



Implicacións da crise sanitaria provocada pola Covid-19


4. No curso 2019-2020 cancelaches a túa estadía por mor da COVID 19?




Si	4	14%
Non	24	86%

5. Se cancelaches a túa estadía, tiveches problemas para regresar ao teu país? De que tipo?

1	Transporte	25%
0	Aloxamento	0%
2	Gastos adicionais sobrevidos a causa de Covid-19	50%
1	Outras	25%




6. Recibiches axudas económicas para os custes excepcionais relacionados a causa da Covid-19?




Si	1	6%
Non	16	94%

7. Recibiches asesoramento por parte das universidades de acollida e de orixe unha vez cancelada a estadía?




Si	0	0%
Non	6	100%

8. Cancelouse a axuda económica?




Si	0	0 %
Non	7	100%

9. Puidesches pospor a estadía para o curso que vén?




Si	0	0%
Non	3	100%

10. Volviches ou volverás solicitar unha estadía de intercambio?



Si	6	75%
Non	2	25%


11. Continuaches a estadía no país de acollida?



Si	15	58%
Non	11	42%

12. Se regresaches ao teu país, continuaches os estudos a través do ensino-aprendizaxe en liña?


Si, totalmente	8	62%
Si, parcialmente	5	38%
Non, canceláronse as aulas sen ningunha alternativa en liña	0	0%



13. Recibiches asesoramento por parte da túa universidade de orixe?


14. (pode haber varias respostas)

Respostas	12	%
Axuda das/os docentes	2	17%
Do coordinador/a	8	67%
Do centro	2	16%
Da oficina de mobilidade	7	58%



14. Recibiches asesoramento por parte da túa universidade de acolida?


Respostas	20	%
Axuda das/os docentes	14	70%
Do coordinador/a	9	45%
Do centro (facultades)	11	55%
Da oficina de mobilidade	11	55%




Período de estudos e motivación

15. Canto tempo durou a túa estadía?

1º semestre	3	11%
2º semestre	3	11%
Todo o ano	22	78%




16. En que ano e/ou nivel dos teus estudos te atopabas durante o período de estadía?



3º curso	25	89%
4º curso	2	7%
5º curso	1	4%

17. Cres que a duración dos estudos no país de destino foi




Demasiado curta	18	64%
Axeitada	10	36%
Demasiado longa	0	0%

18. Cales foron os factores que te motivaron a elixir o teu país de destino?

(resposta múltiple)


Respostas	28	%
Académicos	24	86%
Culturais	22	79%
Amizades ou familiares que viven alí	2	7%
Planificación da carreira profesional (mellorar a perspectiva de emprego)	12	43%
Por cuestións económicas era o destino que máis me interesaba	5	18%
Ser independente	13	46%
Outras	1	3%



19. Como avalías a calidade académica da institución de acollida?

(escala 1-5: 1=moi pobre/negativa; 5=excelente)


	1	2	3	4	5
Calidade do persoal docente da institución de acollida			10%	29%	61%
Calidade dos cursos seguidos e o material de estudos proporcionado pola institución de acollida			8%	42%	50%
A utilidade dos coñecementos adquiridos para a túa formación		4%	8%	42%	46%



20. Recibiches o apoio necesario das institucións, tanto de orixe como de acollida, antes de e durante o período de estudos de intercambio?

(escala 1-5: 1=moi pobre/negativa; 5=excelente)


	1	2	3	4	5
Apoio da USC	7%	21%	32%	36%	4%
Apoio do/a Coordinador/a na USC	11%	18%	14%	18%	39%
Apoio da institución de acollida		11%	8%	22%	59%
Apoio do/a Coordinador/a na institución de acollida	11%	14%	11%	32%	32%



21. Como obtiveches información do programa de estudos da institución de acollida?


(resposta múltiple)

Respostas	28	%
A través do/a coordinador/a na USC	17	61%
A través do/a coordinador/a na institución de acollida	9	32%
A través da Oficina de Mobilidade da institución de acollida	5	18%
Internet	21	75%
Outros estudantes da USC	8	29%
Outros estudantes estranxeiros	0	0%
Outras	2	7%



22. Como foi a utilidade desta información?

(escala 1-5: 1=moi pobre; 5=excelente)




1	2	3	4	5
	4%	15%	48%	33%


23. Á túa chegada, a institución de acollida ofreceu:

(pode haber varias opcións)

Respostas	28	%
Un acto de benvida	25	89%
Unha sesión informativa	26	93%
Un curso de lingua	11	39%
Outras	3	11%



24. Durante a túa estadia na institución de acollida, organizáronse outros actos especiais para os estudantes estranxeiros?




Si	18	64%
Non	10	36%

25. En caso afirmativo, cales?


Xornadas Erasmus
Unha semana de charlas informativas e culturais de adaptación
Durante todo o ano académico houbo numerosas actividades dirixidas aos estudantes internacionais, practicamente unha por semana e de temáticas variadas.
Quedadas para falar dos idiomas dos estudantes, festas, comidas, excursións polo país...
Integration Weeks
Diversas actividades para coñecer a outros estudantes, para coñecer o pobo, e para coñecer máis de cerca a cultura.
Ceas, excursións e actividades culturais
Había una sociedade de estudantes estranxeiros e organizaban diversos eventos (viaxes, festas, concertos, etc)
Visitas aos centros, cursos de lingua e cultura
Reunións frecuentes para interesarse pola nosa situación e ver dónde precisamos axuda e actos culturais diversos
Asta (eventos), Tándem, partnership
Sesións informativas sobre o Brexit ou reunións para coñecer outros estudantes de Erasmus ou internacionais.
Reunións, tours pola cidade e viaxes para persoas de Erasmus
Había eventos multiculturais todas as semanas nun edificio do campus, no que en concreto moitas de nós estudantes estranxeiras de diferentes países iamos coñecer a máis xente
Actividades para coñecer outros estudantes
Reunións
Varias sesións chamadas "Icebreakers" para romper o xeo e que puidésemos coñecer a persoas de intercambios.
Tándenes, eventos en cafeterías, excursión, etc

26. Como consideras o teu grado de integración cos estudantes locais na institución de acollida? (escala 1-5: 1=pobre/negativo; 5=excelente)

1	2	3	4	5
4%	14%	39%	25%	18%



27. Sentícheste só/soa de maneira relevante durante a estadia?




Si	4	14%
Non	24	86%

28. Con que persoas fixeches núcleos fundamentais de convivencia na universidade e país de acollida?


(pode haber varias opción)

Respostas	28	%
Persoas da mesma idade	22	79%
Persoas de distinta idade	14	50%
Persoas do mesmo xénero	19	68%
Persoas de distinto xénero	18	64%
Persoas do mesmo país co meu	21	75%
Persoas de distinto país co meu	24	86%
Persoas do país de acollida	17	61%




29. Como atopaches aloxamento?

Respostas	28	%
Indicacións do Servizo de Relacións Exteriores da Universidade de destino	13	46%
Amizades ou coñecidos/as	1	4%
Compañeiros/as que realizaron xa a estadia	6	21%
Oferta privada (axencias inmobiliarias...)	3	11%
Outras	5	18%




30. Tipo de aloxamento durante a estadia

Respostas	28	%
Aloxamento universitario (piso ou cuarto individual)	9	32%
Aloxamento universitario (piso ou cuarto compartido)	11	39%
Convivencia cunha familia	2	7%
Piso ou casa compartida con outros estudantes	5	18%
Piso de uso individual	0	0%
Outros	1	4%



31. Foi este o tipo de aloxamento que desexabas?



Si	24	86%
Non	4	14%


32. Se non foi así, explica o motivo que te levou a escoller outra opción

As residencias para estudantes eran moi caras
En Maynooth é moi difícil encontrar aloxamento. Non me aseguraban unha praza na residencia para o segundo cuadrimestre e preferín convivir cunha familia que só con estudantes ou aloxarme fóra da cidade. Ao final, rematou sendo a mellor opción e no meu caso non puido saír mellor.
Eu quería máis independencia, un estudo. así non tería que compartir cociña ou outras instalacións con ninguén. Esta posibilidade non saíu adiante e finalmente tiveron que aceptar esta posibilidade de residencia universitaria sinxela que me ofreceu o departamento de relación internacionais da universidade de acollida
Non foi posible outra opción

33. Acceso a bibliotecas e a material de estudo na institución de acollida


(escala 1-5: 1=pobre/negativo; 5=excelente)

	1	2	3	4	5
Equipamento das aulas			21%	32%	47%
Acceso á biblioteca		4%	4%	22%	70%
Acceso a equipamento informático	4%	11%	7%	41%	37%
Acceso a internet			7%	21%	72%



Preparación lingüística

34. Tiveches que realizar obrigatoriamente algún curso de idioma na universidade de acollida?




Si	4	14%
Non	24	86%

35. Idioma no que se impartían as clases na institución de acollida

(pode haber varias opcións)


Respostas	28	%
Inglés	21	75%
Francés	5	18%
Alemán	5	18%
Español	6	21%
Italiano	3	11%
Portugués	1	4%



36. Outros idiomas non mencionados


Respostas	0
-----------	---

37. Recibiches algún tipo de preparación lingüística antes e/ou durante a túa estadía no país de destino?



Si	9	32%
Non	19	68%


38. Quen era o responsable do(s) curso(s) de idiomas?



Respostas	18	%
Institución de orixe (USC)	1	6%
Institución de acollida	17	94%
Outras	0	0%


39. Duración da preparación lingüística

Respostas	9	%
20 horas	1	11%
30 horas	3	34%
40 horas	4	45%
Outras	0	0%



40. Como cualificarías o teu dominio do idioma do país de destino?

Respostas	20	Ningún	Pobre	Bo	Moi bo
Antes do período de mobilidade		11%	11%	67%	11%
Despois do período de mobilidade		4%	7%	33%	56%




Gastos

Información sobre as axudas ou bolsas


41. A canto ascendeu a túa bolsa por mes? Indica a cantidade aproximada

Respostas	20	%
150 €	1	5%
180/190 /200 /(33,3€)	3	15%
300 €	5	25%
250 €	3	15%
400 €/437,5€	3	15%
350 €	1	5%
500 €	2	10%
3.000 €	1	5%
Non me deron bolsa por mes	1	5%




42. Cando recibiches a túa bolsa?
(pode haber varias opcións)

Respostas	28	%
Antes de iniciar a mobilidade	1	4%
Pouco despois de iniciar a mobilidade	19	68%
Moito despois de iniciar a mobilidade	10	36%
Ao rematar a mobilidade	10	36%




43. Tiñas outras fontes de financiamento?
(pode haber varias opcións)

Respostas	28	%
Outras bolsas/préstamo estatal	10	36%
Aforro propio	17	61%
Axuda familiar	22	79%
Préstamo privado	0	0%
Outras	1	4%




44. Indica a cantidade media (euros/mes) dos gastos nos que incorriches durante a túa mobilidade

Respostas	24	%
200 €	1	4%
250 €	2	8%
300 €	2	8%
400 €	1	4%
500 €	4	17%
600 €	6	25%
700 €	4	17%
850 €	1	4%
900 €	1	4%
1.000 €	1	4%
1.300 €	1	4%




45. n que medida cubriu a axuda Erasmus ás túas necesidades?
(escala 1-5: 1=nada; 5=totalmente)

1	2	3	4	5
4%	26%	3%	30%	4%




46. Tiveches que traballar para pagar a estadía?

Respostas	27	%
Si, antes de realizala	5	18%
Si, no país de acollida	1	4%
Non	21	78%




47. En comparación cos teus gastos mensuais medios aquí, canto máis gastaches durante a túa mobilidade?
(euros/mes)

Respostas	25	%
0-100€	3	12%
100-200€	4	16%
200-300€	12	48%
300-400€	0	0%
400-500€	3	12%
500-600€	0	0%
600-700€	1	4%
700-800€	0	0%
800-900€	1	4%
900-1.000€	0	0%
Máis de 1.000€	1	4%



48. Tiveches que pagar algún tipo de taxas na institución de acollida?

Si	5	19%
Non	21	81%




49. Se é así, especifica o tipo e o importe

O cambio de moeda e o sacar cartos nos caixeiros, 50-100€ cada vez que sacaba 350-400 libras
Sobre 200-300 por cada semestre
Pagos pola xestión e a tarxeta de transporte, uns 200-300 euro
Transporte e tarxeta universitaria
350€


Avaliación do período de estudo

50. Consideras que os estudos recibidos na universidade de destino foron de maior, menor ou de calidade semellante aos da USC?




Respostas	28	%
de menor calidade	0	0%
de calidade semellante	6	21%
de maior calidade	22	79%

51. En relación cos estudos da USC a oferta académica da universidade de destino foi:




Respostas	28	%
de menor utilidade para os teus estudos	3	11%
de igual utilidade para os teus estudos	14	50%
de maior utilidade para os teus estudos	11	30%

52. En relación cos estudos da USC a innovación metodolóxica e a aplicación de ferramentas informáticas na universidade de destino



Respostas	28	%
foi máis reducida	1	4%
foi semellante ou igual	9	32%
foi máis ampla	18	64%

53. En que medida contribuíu a túa estadía á túa formación académica (Escala 1-5: 1=nada; 5=moitísimo):




1	2	3	4	5
		7%	32%	61%

Avaliación global da túa estadía

54. Tiveches serios problemas durante a túa estadía como estudante de intercambio?

Respostas	27	%
Si	6	22%
Non	21	78%




55. Se é Si, por favor, especifica cal ou cales

Tiven que cambiar case todas as materias durante os exames xa que os profesores me dixeron que non podía cúrsalas porque eran un nivel de máster e a miña coordinadora non me avisara
Falta de cartos xa que a beca, ademais de non cubrirme practicamente nada os gastos, chegoume cara o final do segundo cuatrimestre
Cambio do acordo un mes despois de iniciar as clases
Profesores que non respondían en meses
Retorno a casa pola COVID
Co idioma nativo de alí, posto que é o checo.

56. Axudáronche a resolvelos?


Si	7	78%
Non	2	22%



57. Se é así, quen ou que institución?


(pode haber varias opcións)

Respostas	7	%
O/a coordinador/a da USC	3	43%
O/a responsable académico/a de mobilidade da USC / Decanato	2	29%
A oficina de mobilidade da USC	2	29%
O/a coordinador/a da universidade de acollida	4	57%
O/a responsable académico/a de mobilidade da universidade de acollida	1	14%
A oficina de mobilidade da universidade de acollida	3	43%
Outras	1	14%



58. Como cres que foi a túa experiencia para o teu desenvolvemento persoal e académico?


Respostas	28	%
Fundamental (4)	19	68%
Importante (3)	8	29%
Prescindible (2)	0	0%
Decepcionante (1)	1	4%




59. Que aspectos da túa estada atopaches máis positivos?

(pode haber varias opcións)

Respostas	28	%
Académicos (coñecer outro ambiente universitario, outras metodoloxías docentes...)	26	93%
Culturais	21	75%
Enriquecemento persoal (experiencia, madurez, emancipación e autonomía...)	27	96%
Inmersión lingüística	23	82%
Fortalecer a conciencia europea	5	18%
Amizades establecidas (satisfacción relacional e social)	22	79%
Adquisición de competencias profesionais/mellorar as perspectivas laborais	6	21%
Outras	0	0%




60. Recomendarías unha estadía de mobilidade?




Si	27	96%
Non	1	4%

61. Recomendarías a túa universidade de destino?



Si	26	93%
Non	2	7%

62. Cres que facer unha estadía de mobilidade marca algunha diferenza importante con quen non a fai?




Si	24	86%
Non	4	14%

63. Cres que a túa estadía como estudante de intercambio axudarache na túa carreira profesional?


(Escala 1-5: 1=pobre/negativa; 5=excelente):

1	2	3	4	5
		21%	22%	57%



64. Estás máis motivado para traballar en calquera outro país estranxeiro cando remates os estudos, como resultado da túa experiencia como estudante de intercambio?


Si	25	89%
Non	3	11%



65. Que aspectos ou accións cres que na USC poderían ter mellorado a túa experiencia?

(escala do 1 ao 5, sendo 1 nada e 5 moito)

	1	2	3	4	5
Unha maior oferta de destinos	4%	22%	26%	15%	33%
Mellorar a formación previa en linguas		4%	32%	43%	21%
Mellorar o importe da axuda económica			18%	29%	53%
Mellorar a oferta de aloxamento	7%	7%	18%	18%	50%
Mellorar a información previa	4%	4%	7%	36%	50%
Outros	27%		36%		37%



66. Que lembranzas tes como as máis positivas da estadía?

O día a día en xeral. O ritmo de vida alí
Os amigos que fixen
Mellorar na conversa en inglés
Case todo. Novos amigos, bonita cidade, aprendendo moito alemán. Universidade fantástica. Máis que nada a cidade e a xente.
Coñecer o país de destino e outros próximos, as visitas de amigos e familiares, pasar tardes enteiras con amigos novos, moitos deles estranxeiros, as ceas coa familia de acollida, poder axudar aos estudantes locais co español, aprender pouco a pouco moitas expresións irlandesas, atopar profesoras galegas ou españolas...
As viaxes feitas durante a estadía.
As viaxes feitas durante a estadía.
A xente que coñecín durante a miña estadía coa que entablei unha amizade, e todo o tempo pasado con eles.
Os amigos
Facer amigos de diferentes sitios e que todo o mundo fale diferentes idiomas
O poder viaxar máis facilmente por teren uns horarios máis flexibles e organizados na universidade, a madurez mental de verte na necesidade de saber defenderte ti en certas situacións, etc.
As experiencias sociais e de desenvolvemento persoal

Coñecer xente
A experiencia de ter clases nunha universidade extranxeira, as amizades que fixen a o coñecer outras culturas e xente de todo o mundo.
Descubrir un país tan diferente como é Polonia e establecer lazos de amizade
As amizades e a aprendizaxe adquirida grazas ao sistema universitario de alá
Os momentos con amigos/as viaxando
Obter mellores resultados académicos que si estivera cursando na USC. Coñecer outra xente, aínda que fosen españois.
As amizades que me levei e o cambio que puiden ver en como se imparten as clases en Inglaterra a como se imparten na USC
As amizades que me levei e o cambio que puiden ver en como se imparten as clases en Inglaterra a como se imparten na USC
Perdidos e académicas
Mellora do alemán; Independencia (aprender a moverse unha soa por un ambiente totalmente alleo); Moi boas amizades; Unha cidade marabillosa
Inmersión cultural

67. E cales como as máis negativas?

De vez en cando botar de menos a terra, pero case non había tempo nin para pensar niso!
O cambio de materias, o meu último momento e non poder presentarme a algúns exames por culpa diso
As clases ao ser moitas de Erasmus, cada persoa xuntábase con xente da súa mesma nacionalidade e creábanse grupos bastante cerrados nos que era moi complicado entrar e aprender.
Cousas administrativas, o acordo de estudos foi un pesadelo, case non tiña nivel de alemán ao principio, e tiña que traballar bastante porque non tiña diñeiro.
O día que cambiou a hora e empezou a anoitecer ás 16:00 foi un shock, e o peor foi ter que marchar antes de tempo.
A preocupación pola falta de diñeiro, xa que a bolsa ingresouse algo tarde.
Os problemas de papeleo
A falta de apoio das universidades e os coordinadores con problemas específicos con profesores
Ter que marcharme correndo do país e perderme a viaxe a Edimburgo que non tiña reembolso
A incertidume de non teren información dende España durante bastantes días cando estalou a pandemia e os respectivos confinamentos internacionais. Era puntual e eficientemente informado polas de acollida, pero tardei en ser informado polas de orixe. Tampouco foi sinxelo arranxar todo o acordo de estudos por teren apenas unha mínima axuda da institución de acollida mentres que na USC déronse os medios e deixóuseme á miña sorte para cubrilos papeis, non tendo eu case coñecemento de como facelos.
A falta de axuda por parte da USC na situación covid, que no seu momento en lugar de axudar só empeorou a situación
Adaptarme nun prazo curto
A parte máis negativa do Erasmus é a preparación e o papeleo previo que hai que realizar, por exemplo o convenio de estudos.
A COVID
O nivel de vida e económico que teñen
Os momentos de soidade
A comida. Os horarios con respecto ao noso: ás tres da tarde xa era noite.
O non saber expresarme ás veces co idioma por medo ou inseguridade
COVID-19
COVID
O tempo
Quizáis que hai momentos nos que che desborda estar a tantas cousas, mais aprendes a aceptar que non se pode controlar todo
Falta de guía académica (NON por parte da coordinadora. Por parte da USC)

68. Que é o que máis lembrás da cultura do país de destino?

Sobre todo os seus horarios (tardei en adaptarme a eles)
Xente moi aberta e acollidora
Moitísima diversidade cultural
Imposible dicir, fun a Berlín. Moi miticultural, molóume moito. A xente non te mira na rúa por levar sandalias con calcetíns, por exemplo. Nunca podes ser a persoa máis rara en Berlín.
A amabilidade dos irlandeses, o concepto de pub, tomar unha Guinness e unha rica cea con música en directo...
O tranvía, a xente, a maneira de vivir, o seu horario...
Costumes, idioma, celebracións, lugares
O feito de que a pesares de ser un país medianamente próximo a España, a cultura e os costumes poidan ser tan diferentes.
A boa rede de transportes que teñen
A comida e as relacións sociais
Era outra forma de ser distinta á nosa, pero son moito máis educados que aquí e a organización e a metodoloxía didáctica eran sublimes para captar a atención do alumnado, iso provocaba que o absentismo a clase fose case inexistente.
A diferenza gastronómica e a diferenza no trato persoal
Amizades e diferenzas de carácter
En Inglaterra hai unha gran variedade e mestura con outras culturas.
A arquitectura das cidades, a gran maioría reconstruídas por causa da IIGM
Que os horarios son moi distintos e é difícil facerse a eles
A comida

Os pubs, o acento, a lingua, a choiva, os campos ingleses
A comida e a moqueta
A moqueta
O abertos e amables que foron
Plan típico alemán: coller algo de beber e comer, ir a un parque ou un lago e pasar alí a tarde; Son moi respectuosas; Seriedade na aprendizaxe; Bicicletas como medio de transporte habitual
Boa acollida

Recomendacións e suxestións

69. Que recomendarías a outros estudantes sobre información, procedementos de solicitude, trámites etc...?

Que se informen ben, que insistan cos correos electrónicos, que chamen se fai falta e que teñan en conta os prazos para entregar todo ben
Que mirasen ben a oferta de materias
Aprende a lingua antes. Pódenche dar un certificado de B2 en la USC pero en Alemaña terás un A2. Elixo un bo coordinador, algúns son terribles. Victor Millet foi un santo, e despois tiña o coordinador de francés, Manuel, que case non me contestaba.
Preguntar todo o que precisen, da igual que parezas pesado, necesitas información para decidirte e chegar tranquilo ao país de destino. Debes estar moi atento á información que sacan as Universidades nas súas páxinas e o que che envían por correo.
Que miren ben as materias xa que ó final quedei sen coller unha materia que quixera haber cursado alá e ao final non era do mesmo semestre
Os trámites hai que facelos canto antes e, aínda así, será difícil de encontrar un acordo a tempo
Que teñan paciencia
Buscar información pola súa conta e non esperar a que lle la dean porque pode chegar tarde.
Que lle manden un correo á universidade á que van, preguntando o que queiran ou contacten con outros estudantes
Principalmente que saiban que existe a diversión ser necesidade de faltar á clase, alí foi posible grazas á implicación da xente, que te animan e te tratan ben sen deixar de ter a educación e o carácter que os caracterizan
Teñen que aprender a encontrar e tramitar os documentos por si mesmos, pero recomendo que non lles dea vergoña preguntar todas as veces e ás persoas necesarias
Que os trámites e procedementos de solicitude para o Erasmus son bastante complicados ao principio, pero coa axuda do coordinador ou coordinadora podes facelos facilmente. Ademais, paga a pena ir de Erasmus é unha experiencia moi boa.
Que falen con outro estudantes que foron ao mesmo destino e universidade
Informarse ben dos prazos de entrega e asegurarse de que tódolos datos están ben
Ter moito en conta o acordo de estudos, pois vai ser fundamental facelo ben para que non che afecte no último ano de carreira.
Que busquen información pola súa conta
Busquen moita información porque a USC non vai facelo
Que busquen na web da súa Universidade de acollida para informarse e que envíen e-mails para recibir máis información.
Que non se agobien, todo sairá aínda que pareza interminable. Que busque xente que xa estivo alí, son as que mais info che poden dar.

70. Como cres que se podería mellorar o funcionamento do programa de mobilidade?


O tema do aloxamento podería estar mellor organizado, deberíamos ter mais axuda neste aspecto porque é o mais difícil de atopar
Avisando con moita máis antelación e facilitando moita máis información
Sendo honesto sobre el nivel de idioma que alguén debe ter. A formación lingüística na USC é o peor que vin na miña vida (salvo a profesora Sina Menrad). Os profesores no dan clases en alemán (incluso clase de lingua alemá B2!) falan todo o tempo en español. É increíble pensar que os teus alumnos van a poder ir de Erasmus senón lles falas en alemán.
Tendo en conta que estudo Español e me fun a un país como Irlanda, a min o que máis me costou foi blindar as convalidacións antes de marchar. Creo que deberían mellorar o feito de, se ofertas unha praza, asegúrate de que convalidar un ano académico completo será posible.
Máis información do país en xeral
Solucionando os problemas que poñen cos acordos establecendo unhas correspondencias máis específicas
Máis apoio e comprensión por parte dos coordinadores. A UXA moi ben.
Los coordinadores deberían estar realmente informados y no simplemente poñer o seu nome nun papel.
Ter mais claro que materias poden facer os alumnos e por cales van a facelas
Maior implicación por parte dos coordinadores da túa universidade de orixe dado que se limitan a comentarche 4 cousiñas que teñen a ben pero é moi insuficiente e mesmo te chegas a facer unha idea equivocada.
Con máis axuda por parte dos centros de mobilidade
Maioras axudas económicas
Dando máis información e poñendo en contacto á xente de Santiago que vai ao mesmo destino
Ofrecer mais apoio e información por parte da USC sobre convalidacións
Cunha maior axuda económica, pois penso que moita xente non pode participar destes intercambios por ter que pagar a residencia

enteiramente antes de recibir a axuda, e moita xente non o pode permitir.
Máis información e apoio para poder elaborar un convenio de estudos
Maior axuda por parte da USC
Debería haber maior resposta dos organismos da USC, especialmente ante a crise sanitaria que aconteceu na metade da miña estadia. Sinto que recibín moito máis apoio e posibles solucións por parte da UoA.
Máis implicación

71. Hai preguntas ou aspectos relevantes que non se abordan nesta enquisa? Se é Si, por favor, especifica cal ou cales?

Non creo que os estudantes da USC recibiran o ánimo que debían para participar no programa de Erasmus. Algúns non podía ir porque faltaba nivel. As clases de alemán foron terribles.
A opción de responder que non a algunhas preguntas
No seu momento presenteime a optar a unha praza de Erasmus porque fun eu quen consideraba que era importante, pero case sen información xeral nin idea do que consistía. Penso que estaría moi ben abordar a posibilidade de informar máis ao alumnado sobre todas as opcións de programas de intercambio que existan dado que nunha facultade coma a nosa é unha ferramenta crucial para saber somerxerse na cultura e no día a día da sociedade que se estuda
Opcións para rematar a estadia Erasmus dos que volvemos antes de tempo por mor da COVID
Opcións para rematar a experiencia Erasmus despois da covid ó non poder completar ó ano académico debidamente

72. Estarías interesado en axudar a outros/as estudantes?



Si	20	74%
Non	7	26%